



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores), NIF G-70266044, con número de rexistro na Xunta de Galicia 2010/014150-1(sc), e incluída no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, dá por presentadas por medio do presente escrito, en tempo e forma, ALEGACIÓNS EN CONTRA DO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS COMEDORES ESCOLARES DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS (en diante Proxecto de Decreto).

Documentación de referencia

Os argumentos xurídicos dos que parten as presentes alegacións baséanse nos seguintes escritos normativos:

Convención dos Dereitos do Neno e da Nena (ratificado en 1990)

Carta de Dereitos fundamentais da Unión Europea (2000/C 364/01)

Alianza a favor das Familias, da Unión Europea (2007)

Lei Galega de Apoio á Familia e á Convivencia

Ademais manéxanse algúns datos estatísticos que foron extraídos do PEGIA (2007-2010) ou aportados por UNICEF no seu informe *Infancia en España. Impacto de la crisis en los niños (2012-2013)*, que á súa vez foron tomados de fontes oficiais, propias ou de entidades como Cáritas, Cruz Vermella, etc.

PRIMEIRO. Sobre a actual situación de crise económica e sobre a protección da que é obxecto a familia a través da lexislación autonómica e internacional.

Considera AGAMME que calquera medida que adopte a Xunta de Galicia que teña repercusións de tipo económico que afectan directamente ás familias deben estar rexidas polo principio de protección que se expresa na lexislación vixente en materia de familia, así como na análise do impacto que as especiais condicións macroeconómicas do momento actual teñen sobre a súa realidade cotiá.

Tomando como referencia o estudo de UNICEF sobre a repercusión da crise sobre a infancia extráense datos relevantes sobre a situación das familias e o seu nivel de afectación pola perda de capacidade adquisitiva. Algúns apuntes sobre estas cifras:



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

Porcentaxe de risco de pobreza ou exclusión: 23,11% en 2007, 25,5% en 2010 (EUROSTAT)

Fogares con fillos-as menores incapaces de afrontar gastos imprevistos (valorados en 630 euros): 28% en 2008, 37% en 2010.

Número de fogares con fillos-as menores e todas as persoas adultas sen traballar: 324.000 en 2007, 714.000 en 2010 (EUROSTAT).

Número de execucións hipotecarias: 25.943 en 2007, 93.636 en 2010 (CXPX).

Barómetro do CIS en decembro de 2011. Axustes das familias para reducir gastos: 70% en gasto enerxético, 41% en hábitos alimenticios.

Por outra banda cómpre facer balance da implicación das distintas institución e axentes sociais na súa resposta social ante os efectos da crise sobre as familias. Contrasta a diverxencia da resposta que están a dar dunha parte o goberno e doutra a cidadanía.

Dunha parte temos a política de recortes do goberno, incluídas: eliminación da axuda por nacemento ou adopción, redución de 500 a 291 euros da axuda por fillo menor de tres anos a cargo, medidas de axuste en sanidade, aumento de impostos, especialmente os indirectos (enerxía, combustibles, material escolar, vestimenta, etc), redución das axudas para libros e material escolar, reducións das axudas por situacións de dependencia, discapacidade ou por persoa maior a cargo, ...

No polo oposto temos unha acción da cidadanía que se está a caracterizar por unha clara aposta pola solidariedade e a xustiza social. As familias, a falta dunha política de protección das necesidades básicas da poboación, están a actuar como un seguro social, apoiando ou sostendo a aquelas persoas ou núcleos familiares que quedaron desamparados ante o aumento do desemprego, o encarecemento da vida e as políticas governamentais.

É polo tanto insostible por parte do goberno da Xunta de Galiza que se impoña ás familias unha nova perda de dereitos que, como no caso da gratuidade dos comedores escolares, se remontan a máis de tres décadas atrás. Chama a atención, igualmente, o ton excesivamente inquisitorial no que se expresa o proxecto de Decreto en canto ao deber de informar correctamente sobre os datos de renda, a vixilancia continuada das familias nas súas actividades económicas,... situándose a Consellería competente nunha posición nada amigable respecto ás familias galegas.



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

A continuación, algunhas citas da normativa en materia de dereitos fundamentais e da lexislación de familia vixente:

- Lei galega de apoio á familia e á convivencia:

Exposición de motivos (I).

[...]é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar a familia e tódalas súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

[...] Este apoio debe considerarse, máis ben, como un deber de xustiza, en reciprocidade á achega que as familias fan á sociedade.

O apoio á familia e aos núcleos de convivencia debe responder necesariamente á complexidade

da nosa sociedade, e debe dar solución ás diferentes situacións que impiden ou dificultan tanto a

formación e constitución de novas familias ou grupos estables de convivencia, como o desenvolvemento integral das xa constituídas.

- Convención dos Dereitos do Neno e da Nena (en diante CDN)

Artículo 27.

1. Os Estados partes recoñecen o dereito de todo neno e toda nena a un nivel de vida axeitado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social.

2. Aos pais, nais ou outras persoas encargadas do neno ou da nena incúmbelle a responsabilidade primordial de proporcionar, dentro das súas posibilidades e medios económicos, as condicións de vida que sexan necesarias para desenvolvemento do neno ou da nena.

3. Os Estados partes, de acordo coas condicións nacionais e con arreglo aos seus medios, adoptarán medidas apropiadas para axudar aos pai, nai e a outras persoas responsables do neno ou da nena a dar efectividade a este dereito e, en caso necesario, proporcionarán asistencia material e programas de apoio, particularmente con respecto á nutrición, el vestuario e a vivenda.

- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea:

Artículo 33.1. Garántese a protección da familia nos planos xurídico, económico e social.

Para rematar este apartado queremos sinalar que a Xunta de Galicia debe respostar ás necesidades da sociedade galega e establecer prioridades. Referímonos á curiosa interpretación da palabra austeridade dependendo de a que asuntos se aplique: copago nos comedores de centros públicos, mentres os cinco colexios concertados nos que se efectúa a separación por xénero do alumnado percibe un total de 3.000.000 de euros anuais. Propoñemos que a Xunta de Galicia elimine este apoio financeiro a centros nos que non se



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

defenden os máis básicos criterios de igualdade, equidade e coeducación e os destine a mellorar o sistema de comedores dos centros educativos públicos.

SEGUNDO. Sobre o dereito fundamental á non discriminación.

É un dereito amplamente recollido en toda a lexislación dende a Declaración dos Dereitos Humanos aquel que se refire ao principio de non discriminación. Consideramos que a familia, e de maneira destacada os nenos, nenas e adolescentes deben ver protexido este dereito de maneira decisiva, especialmente por parte das institucións.

O proxecto de Decreto introduce un elemento discriminatorio que perxudica á poboación infantil rural con respecto da urbana no seu acceso ao dereito de educación. A dispersión que caracteriza a paisaxe rural galega fai necesario que unha boa cantidade de nenos, nenas e adolescentes teñan que efectuar desplazamentos para acudir ao centro educativo que lles corresponde. Polo tanto, este alumnado non poderá optar entre xantar no centro educativo ou no seu domicilio, plantexándose as familias a xa nomeada alternativa dos “tapper”. Xantar comida levada ao colexio nun “tapper” non respeta as normas máis básica de calidade de vida para os nenos, nenas e adolescentes do noso país.

Esta discriminación da poboación rural entra en contradicción coas políticas que se veñen aplicando tanto por parte da Xunta de Galicia como a través das Deputacións Provinciais para evitar a despoboación e abandono do agro galego.

TERCEIRO. Sobre os dereitos da infancia.

O ordenamento xurídico autonómico, estatal e internacional sufriu unha rápida modificación nas últimas décadas respecto á consideración das persoas menores de idade como entes de pleno dereito. Xa non meros obxectos de protección senon suxeitos activos no exercicio dos seus dereitos.

Algúns deses principios fundamentais son atacados frontalmente polo Borrador do Decreto ao que alegamos:

Xa nomeamos o dereito á non discriminación.

Citaremos, así mesmo, aquel descrito no artigo 27 da CDN, citado no primeiro apartado das alegacións, relativo ao dereito á calidade de vida. É preciso, neste senso, partir da situación da infancia en Galicia no momento actual, tal e como o propio Borrador recoñece no seu preámbulo. Retomemos as cifras do informe de UNICEF, que son cifras estatais, pero que



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

parecen coincidir coas recollidas no PEGIA (2007-2010). Segundo a análise que se realiza neste último documento, un 19% da poboación infantil atópase por debaixo do límite da pobreza, un tercio da cal sería en situación de pobreza extrema. Por outra banda, sen chegar a estes niveis, o informe de UNICEF alerta sobre a dificultade das familias para facer fronte á economía básica, sendo a infancia e adolescencia un dos sectores que se ven máis danados por esta situación. Desta maneira consideramos unha obriga da Xunta de Galicia apostar por unha política de ampliación de recursos que aseguren as necesidades básicas da poboación infantil. O Decreto que a Xunta pretende poñer en marcha sinala na dirección inversa e significará un lastre máis, unha nova proba que as familias terán que superar para ofrecer aos fillos e fillas menores o que o goberno non está disposto a facilitar: o dereito a desenvolverse plenamente, en igualdade de condicións e dentro duns parámetros de benestar.

Partindo da consideración dos comedores escolares como recurso educativo de carácter complementario, facemos un chamado ao dereito á educación pública e gratuita, rexeitando de pleno as consecutivas medidas tendentes, por unha parte á privatización do sector a través do apoio financeiro aos colexios concertados, e por outra á eliminación de maneira paulatina da gratuidade do servizo (modificación do sistema para adquisición de material escolar, copago do comedor escolar pretendido con este Decreto).

Sinalamos que no desenvolvemento do artigo 28 da CDN se fai referencia, non só ao dereito á educación, senon tamén ao principio de igualdade:

Artigo 28.

1.Os Estados partes recoñecen o dereito do neno e da nena á educación e, a fin de que se poida exercer progresivamente e en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito, deberán en particular [...].

Discutimos a consideración que se efectúa no preámbulo respecto á afectación que sofren respecto da crise as institucións, as familias e os colectivos sociais (non consideramos que sexa equiparable o impacto sobre unhas e outras). Xa expresamos con anterioridade o sesgo presente nas políticas da Xunta de Galicia respecto á austeridade e á suposta escaseza de recursos económico e citamos de novo á CDN:

Artigo 4.

Os Estados partes adoptarán tódalas medidas administrativas, legislativas e doutra índole para dar efectividade aos dereitos recoñecidos na presente Convención. No que respecta aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados partes adoptarán esas medidas ata o máximo dos recursos de que dispoñan [...].



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

Lembramos por último o deber da administración de obrar sempre tendo como principio reitor o interese superior de neno e da nena, por enriba de calquera outra consideración.

Por todo o expresado arriba, AGAMME quere deixar constancia do seu **posicionamento a favor da gratuidade do servizo de maneira universal a todo o alumnado de ensino público non universitario.**

Unha vez aclarado este punto, é preciso matizar algunhas cuestións que establece o Proxecto de Decreto e que consideramos incorrectas:

CUARTO. Sobre as familias de especial consideración.

O Proxecto de Decreto establece unha medida excepcional unicamente para as familias numerosas en canto á renda máxima para o pago da cota mínima. Sen embargo a Lei Galega de Apoio á familia e á Convivencia establece que existen seis tipoloxías de familia que requiren especial protección (familias de especial consideración):

Artigo 9. Grupos de familias de especial consideración.

Para os efectos da presente lei merecen unha protección especial os seguintes grupos de familias:

- a) As familias numerosas.
- b) As familias monoparentais.
- c) As familias con persoas maiores a cargo.
- d) As familias con persoas con discapacidade a cargo.
- e) As familias con persoas dependentes a cargo.
- f) As familias acolledoras.

QUINTO. Sobre a renda como elemento decisorio para establecer a cota.

O Proxecto de Decreto establece os datos de renda como elemento para decidir sobre o tipo de cota aplicable a cada neno ou nena que fai uso do comedor escolar. Este dato parécenos insuficiente polos seguintes motivos:

En primeiro lugar porque, dada a precariedade dos contratos de traballo, polas sucesivas reformas da Lei do Traballo, e a dificultade para manter situacións laborais sen reducións de xornada ou salarios, os datos de renda que se refiren a dous anos antes da data na que se solicita o comedor non son fiables para coñecer a situación económica do núcleo familiar.



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

En segundo lugar, por este mesmo motivo sería preciso revisar o concepto de núcleo familiar, pois este se está a ver ampliado pola necesidade de prestarse apoio mutuo, tal e como expresamos no primeiro punto. As familias están sufrindo procesos de reestruturación, asumíndose de maneira natural e solidaria o mantemento ou o apoio de persoas ou núcleos familiares que quedan desprotexidos polas continuas medidas de axuste do goberno, pola perda de postos de traballo, e a subida do custe da vida. Estes datos sobre novas estruturas familiares non quedan reflitidos na renda, pois nesta recóllense únicamente datos sobre ingresos e número de compoñentes do núcleo familiar, entendido do xeito tradicional.

Por último, o primeiro caso que se establece para a gratuidade do servizo: un informe de servizos sociais avalando a situación de exclusión social, parécenos que introduce un elemento de discriminación, aínda que sexa positiva, que resulta danoso para as familias e os seus fillos e fillas. Unha caste de catalogación ou etiquetado que non nos parece admisible e que significaría unha forma máis de violencia institucional cara os nenos, nenas e adolescentes e as súas familias.

SEXTO. Sobre o procedemento de acceso ao servizo e a conciliación familiar e laboral.

No apartado de acceso ao servizo, o Proxecto de Decreto establece que aqueles alumnos e alumnas que acodan a un centro distinto ao que lles corresponde territorialmente, de maneira automática perden o dereito ao servizo. O centro pode acordar ofrecer a praza de comedor pero sería coa cota máxima: de 4,50 euros por día.

No propio preámbulo do Decreto faise referencia á conciliación da vida familiar e laboral e así mesmo se expresa na lexislación nomeada con anterioridade. O Decreto, coa excepción que sinalamos, estaría a actuar en contra deste principio, pois a asistencia do neno ou da nena a outro centro podería estar motivada precisamente por necesidades de conciliación (lugar de traballo dun dos proxenitores, domicilio dun familiar, ...).

SÉTIMO. Sobre os modelos de xestión e a calidade do servizo.

Considera AGAMME que o único modelo axeitado para un servizo que atende á poboación infantil e adolescente é aquel que se establece por xestión directa da Consellería competente, ou por convenio con outra administración pública.

Partindo da premisa de que a xestión pública é garante dunha maior calidade do servizo, defendemos que se limite a estas dúas posibilidades o modelo de xestión dos comedores escolares.



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

OITAVO. Sobre a posibilidade de modificacións das cotas.

O Proxecto de Decreto establece que as cuantías poderán modificarse anualmente. Partindo da posición primeira, que rexeita toda posibilidade de copago por parte das familias, non nos parece correcto que a maiores se estableza a posibilidade de variar as cotas en función dos orzamentos da Xunta de Galicia. Isto introduce un elemento de gran inseguridade pois coñecemos a cota que se impón hoxe pero descoñecemos cal pode acabar impoñéndose e en base a que datos de renda.

NOVENO. Sobre a calidade dos alimentos.

Consideramos que non está suficientemente abordado o tema da calidade dos alimentos que se van ofrecer nos menús dos comedores.

Creemos necesario establecer cánones de calidade respecto dalgúns alimentos (fariñas, graxas e aceites, produtos cárnicos elaborados tales como carnes picadas, albóndegas, hamburguesas, etc). O motivo desta preocupación é a aparición no mercado, cada vez máis frecuente, de produtos adulterados ou que non se corresponden co declarado no etiquetado, tal e como se vén publicando nos medios de comunicación nos últimos tempos.

Por outra parte non nos parece excesivo facer unha reflexión sobre o impacto que os tóxicos presentes nos alimentos teñen sobre a saúde dos nosos nenos, nenas e adolescentes. Creemos, polo tanto, que se podería optar por un modelo que priorice o produto local, dentro do posible pouco elaborado previamente á súa adquisición. Como obxectivo máis ambicioso, sería interesante tender ao consumo de alimentos procedentes de cultivos libres de tóxicos.

DÉCIMO. Proposta de ampliación do servizo de comedor.

Para finalizar as alegacións plantexaremos a nosa proposta de ampliación do servizo de comedores escolares de centros públicos non universitarios, tendo como punto de partida a realidade socio-económica actual e como obxectivo final o benestar, a calidade de vida e a defensa dos dereitos fundamentais da poboación infantil e adolescente.

Consideramos que a Xunta de Galicia debe ampliar o seu campo de visión, de tal modo que poida percibir a paisaxe desoladora que debuxa a nosa realidade social, ligada á drástica modificación da realidade económica. A Xunta de Galicia ten o deber de dar resposta a esta



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

realidade e atender ás necesidades básicas da poboación e de maneira sinalada, as da poboación infantil e adolescente.

É por este motivo que propoñemos, dende AGAMME, non só o mantemento do servizo gratuito do comedor escolar para toda a poboación en idade escolar, senon a súa ampliación, implantándose almorzos con aportacións de lácteos e froita, alimentos básicos que poida que cheguen a escasear na dieta das familias galegas. Falando con claridade, cremos necesario recoñer que a escaseza de alimentos e a escasa variedade dos mesmos é unha realidade que se está a asentar nun sector de poboación que vai en aumento.

A implantación de almorzos de media mañá na escola facilitará, por outra banda, o rendimento escolar polo aporte de nutrientes e de calorías. De xeito contrario asentaráse a desigualdade por motivos económicos, pois dificilmente poderán facer fronte á actividade escolar nenos e nenas insuficientemente nutridos-as, diminuíndo deste xeito o seu rendemento, con previsibles consecuencias a máis longo prazo.

Todo isto sen prexuízo doutras políticas de carácter máis amplo que a Xunta de Galicia poida poñer en práctica para corrixir a situación.

En base a todo o expresado con anterioridade, a Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAMME), **SOLICITA:**

- Que se acepten os argumentos expresados a través deste escrito, tanto en forma de alegacións como de demandas.
- De maneira destaca, sinalamos a continuación os puntos básicos destas alegacións e demandas en:
 1. Gratuidade universal para todos-as os-as usuarios-as dos comedores escolares de centros educativos públicos.
 2. Fixación dun modelo de xestión público.
 3. Implantación de cánones de calidade de alimentos, tendendo ao consumo de produtos locais e libres de tóxicos.
 4. Ampliación do servizo de comedor, incluíndose almorzos de media mañá.



ASOCIACIÓN GALEGA
CONTRA O
MALTRATO A MENORES

R/ Papa Pío V, Bloque 8, baixo, dereita
C.P. 15406 , Ferrol- A Coruña
636 14 20 12

Correo-e: info@agamme.org

-
Dna. Estrela Gómez Viñas, Coordinadora de AGAMME.

Ferrol, a 3 de maio de 2013.

SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA